

Quen hai no sombreiro

Infantil Segunda tentativa de Manuel Rivas cara ao público máis novo mediante un ‘obxecto-símbolo’

Ás veces que un libro pase engordar o corpus da literatura infantil e xuvenil depende máis da etiqueta que lle coloquen as editoras ca do seu axeitamento para ese público ou dunha decisión autorial consciente. A primeira obra narrativa de Manuel Rivas, *Todo ben*, tirábase do prelo en 1985 na colección Xabarín de Xerais, dirixida ao lectorado mozo e constituía un deses casos en que, por decisión editorial, se formaba un texto xuvenil. A colocación da novela nesa franxa lectora respondía á necesidade de encher baleiros para un público que até entón estivera moi desatendido e que semellaba destinado a medrar coa introdución do galego no ensino. Porén, *Todo ben*, unha historia de corrupción ambientada no Brasil dos anos 80, con tintes de novela negra e recorrencia ao tema futbolístico, está bastante lonxe do que hoxe se entende habitualmente por literatura xuvenil. Once anos máis tarde, o autor volvería destinar

unha das súas creacións, *Bala perdida* (Obradoiro, 1996), aos lectores máis novos, un relato de tesouros, piratas e mais unha xornalista ambientado na Costa da Morte da contemporaneidade, que porén, tampouco conseguiría a divulgación das súas obras para adultos.

E neste 2009, asisitimos á publicación d’*O sombreiro Chichiriteiro*, que se ben non é a primeira tentativa do autor con este público, resulta a máis conseguida. Con forma de conto, Rivas preséntanos a historia de Simón, que un día de festa na casa do avó coñece un chapeu moi especial que lle fará asitir a feitos tan maravillosos coma sorprendentes. O texto conta con algunhas das pegadas máis características da “escrita Rivas”, especialmente a idea de que os obxectos gardan a esencia de quen os tivo, converténdose en obxectos-símbolos capaces de trocar a realidade. Neste caso, trátase dun sombreiro que, logo de pertencer durante anos a un trompetista, é quen de tocar

O sombreiro Chichiriteiro · Manuel Rivas, Patricia Castelao (ilustracións) · Xerais, 2009 · 64 páx · 12 euros



jazz porque se lle meteu a trompeta na cabeza, ao igual que o famoso lapis de carpinteiro, tras compartir longo tempo cun artista, lembraba o que este debuxou e viviu. A narración énchese coa prosa espida e condensada do autor –con concesións ao lirismo–, co seu gusto por amosar o poder anovador e salvador da palabra (así como a crenza de que nelas, porque nomean, contense parte da vida) e coa súa capacidade habitual para emanar unha outra visión da realidade. O que salienta e mesmo define este contío entre outras obras de Rivas é que nel o tirón da fantasía faise moito máis potente, como un relampo que nos confronta con esoutra cara



Ilustración d’*O sombreiro Chichiriteiro*. // Patricia Castelao

do mundo que reside no territorio da ficción e, en boa parte, da infancia. Para dar visualidade a esa ilustración, as imaxes de Patricia Castelao encárganse de acabar de compoñer un coitado libro ilustrado á maneira á que xa nos ten afeitados: facendo uso dunha profundidade moi con-

seguida que lembra os filmes de animación e poñendo todo o ímpeto na perspectiva, para que as lectoras coñezamos todo o que agochan os personaxes, sen perder de vista que nun sombreiro pode haber sempre –agochado– un trompetista. // Montse Pena